



Qué podo agardar dun Centro de Saúde IHAN

Apoio e coidados para nai e a súa crianza

Cando es atendida nun Centro de Saúde IHAN, isto é o que o que podes agardar durante a xestación e durante os primeiros anos da vida do teu bebé.

Durante o embarazo



Respecto.

Recibirás a información e axuda que precisas para tomar as túas propias decisións sobre a alimentación da túa crianza e sobre a “Estratexia de Atención ao Parto Normal”.

A túa decisión será apoiada.

Conversas útiles.

Durante o embarazo recibirás información individualizada para que te sintas segura e lista para alimentar a túa crianza, ensinándoches todas as habilidades que precisas.

Poderás acudir a clases de preparación ao nacemento e o obradoiro de lactación materna.

Primeiros días tras o nacemento



Coordinación coa maternidade.

Asegurámosche a primeira visita no teu centro de saúde nos 2-4 días posteriores ao alta para observación e valoración clínica do bebé e da lactación.

Atención experta.

Os profesionais do centro de saúde reciben a información para axudarche coa alimentación da túa crianza.

Axuda a todas as nais.

Se a túa decisión foi alimentar con fórmula infantil explicarémosche cómo preparalo e ofrecelo ao bebé de forma segura.

Durante os primeiros meses



Recibirás o acompañamento que precisas para:

- Manter a lactación materna exclusiva ata os seis meses se así o desexas.
- Información sobre extracción de leite e reincorporación laboral.
- Orientación sobre a alimentación complementaria segura a partir dos seis meses, mantendo a lactación materna todo o tempo que tanto ti coma a túa crianza desexedes.

Poderás acudir ao obradoiro de lactación do centro.

No centro de saúde



Dalle o peito en calquera lugar.

Podes amamentar en calquera espazo ou en zonas reservadas se precisas maior intimidade.

Atenderanche profesionais formados e comprometidos co Código de Comercialización de Sucedáneos do leite materno.

Poderás acudir ao obradoiro de lactación do centro.

Non estás soa, estamos aquí para axudarche a ti e ao teu fillo en cada paso do camiño!